

31 de MAIO- DÍA MUNDIAL SEN TABACO

O 31 de maio de cada ano, a Organización Mundial da Saúde (OMS) celebra o día Mundial sen Tabaco, co obxectivo de resaltar os riscos asociados ao tabaquismo, tanto para a saúde, como noutros ámbitos e avogar por políticas eficaces para reducir o seu consumo, sobre todo entre a xente máis nova.

Nesta liña, a OMS centra o **Día Mundial Sen Tabaco** deste ano 2024 na protección da xuventude, demandando que a industria do tabaco cese de dirixirse a este grupo con produtos nocivos para a saúde, utilizando como lema:

“PROTEXE AOS NENOS DA INTERFERENCIA DA INDUSTRIA TABAQUEIRA”

Con esta campaña, preténdese animar aos gobernos para que adopten políticas que protexan á xuventude das prácticas manipuladoras das industrias tabaqueiras e outras industrias afíns, incluída a comercialización incesante de produtos perigosos a través das redes sociais e outras plataformas de streaming.

Seguindo as indicacións da OMS, dende o **Proxecto de prevención das condutas adictivas de Cuntis, Barro, Campo Lameiro, Moraña e Portas**, sumámonos á prevención do consumo de tabaco na xuventude a través da realización de Obradoiros de prevención do tabaquismo entre o alumnado de 6º EP e da ESO, e promovendo o abandono do consumo de tabaco entre todas as persoas fumadoras. Para iso, ponse á disposición dos e das fumadore/as materiais para facilitar o seu abandono e asesoramento psicolóxico gratuíto; ademais de recordar que, dende xaneiro de 2020, as persoas fumadoras dispoñen de varios tratamentos farmacolóxicos gratuítos para facilitar o abandono do seu consumo (consulta persoal atención primaria).

Asesoramento Psicolóxico para deixar de fumar:

986 59 59 22 / prevenciondrogodependencias@concellodecuntis.es

Finalmente, apélase á responsabilidade da poboación en xeral e, particularmente dos estancos e hostalería; recordando que está prohibida a venda, subministro e distribución de tabaco a menores de 18 anos (*Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ó tabaquismo e reguladora da venda, do subministro, do consumo e da publicidade dos produtos do tabaco*).